



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 6 DE XULLO DE 2006,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Proxecto de Lei de creación do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia.
- Proxecto de Lei de creación do Colexio Profesional de Enxeñería Técnica en Informática de Galicia.

**CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Proxecto de Lei do libro e da lectura de Galicia.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Laxe, dos bens e dereitos necesarios para a realización de obras do proxecto de recuperaicón ambiental da lago e praia de Traba, do municipio de Laxe (A Coruña).

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitaria.



## ACORDOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o convenio entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do Medio Rural e de Traballo coa Federación Galega de Municipios e Provincias para a actuación en emerxencias e tarefas de protección civil e prevención e extinción de incendios forestais.
- Acordo polo que se resolve a adxudicación das televisións dixitais terrestres de cobertura local.

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Brión, para a construción dun novo IES en Brión.

### CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de accións de formación de investigadores e potenciar os servizos de apoio á investigación e publicacións.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos no marco do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural.

### CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte, a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Lugo para o financiamento da conservación e posta en valor da Muralla de Lugo e dos restos arqueolóxicos anexos á Porta de Santiago e ao edificio cultural do Vicerreitorado.



## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e a *Asociación Cidadá de Loita contra a Droga, ACLAD*, para a realización de obras de remodelación e acondicionamento do edificio onde se sitúa a CT dependente da Asociación ACLAD, polo importe de 300.506,06 euros.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do concerto subscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde de data 18 de xuño de 2001 para a colaboración na docencia, asistencia e investigación sanitaria, por importe de 4.774.226,57 euros.

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Camariñas para a execución das obras: "Mellora do abastecemento na bacía Galicia Costa. Rede xeral de distribución de auga potable á parroquia de Ponte do Porto. Camariñas (A Coruña)", por importe de 997.277,15 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Verín para a execución das obras: "Mellora das infraestruturas hidráulicas na Comunidade Autónoma. Renovación de infraestruturas do barrio de San Roque. Verín (Ourense)" por importe de 333.800 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica financeira da Xunta de Galicia co Concello de Folgoso do Courel para a execución das obras: "Actuacións de saneamento nas bacías intercomunitarias. Mellora das infraestruturas hidráulicas no Concello de Folgoso do Courel. Folgoso do Courel (Lugo)" por importe de 289.772,33 euros.

## INFORMES

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe sobre a Illa de Cortegada como parte do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.



## CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Informe sobre “Saídas profesionais comarcais”.

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da Orde de subvencións aos concellos pola que se desenvolve parcialmente o Decreto de desenvolvemento da Lei de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, se establecen as bases e se abre a convocatoria de axudas e subvencións na referida materia para 2006



## **APROBADA A LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA TÉCNICA EN INFORMÁTICA DE GALICIA**

- ***Coa aprobación da Lei, o exercicio da profesión axustarase a unha serie de normas e regras que asegurarán a eficacia e a responsabilidade no exercicio da profesión***

O Consello da Xunta aprobou a Lei de Creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia tras a consideración polo Goberno autonómico do interese público das actividades profesionais que engloba a enxeñaría técnica en informática. Deste modo, a Xunta responde ás demandas da Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática de Galicia e da Delegación en Galicia da Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática de España.

Coa aprobación desta Lei, o exercicio da profesión axustarase a unha serie de normas e regras que asegurarán tanto a eficacia como a responsabilidade en tal exercicio, condicionado á posesión do título oficial de diplomado ou enxeñeiro técnico en informática. O obxectivo final desta Lei é garantir a protección dos dereitos dos cidadáns.

A Lei define o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia como unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia, e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins desde o momento no que se constitúan os seus órganos de goberno. O seu ámbito territorial de actuación será a Comunidade Autónoma de Galicia.

En canto ao ámbito persoal, poderán integrarse neste órgano aquelas persoas que estean en posesión del título de diplomado ou enxeñeiro técnico en Informática ou título estranxeiro equivalente homologado, cando o domicilio profesional único ou principal radique nesta Comunidade Autónoma. O texto establece a obrigatoriedade de inscribirse no colexio para exercer coma profesional da enxeñaría técnica en Galicia, salvo no caso de profesionais que realicen funcións administrativas ou laborais por conta da Administración e destinadas a esta.

Segundo esta Lei, a Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática de Galicia e a Delegación en Galicia da Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática designarán unha Comisión Xestora cunha representación equilibrada de mulleres e homes. Esta comisión deberá aprobar uns estatutos provisionais para o colexio no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta norma. Así mesmo, os estatutos provisionais nomearán unha asemblea colexial constituínte que será a que elabore e aprrobe os estatutos definitivos.



Estes serán presentados á consellería competente na materia para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación da súa legalidade, aprobación que será competencia do Consello da Xunta de Galicia.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CREACIÓN DO COLEXIO PROFESIONAL DE XOIARÍA, OURIVARÍA, PRATARÍA, RELOXARÍA E XEMOLOXÍA DE GALICIA

- ***Para exercer a profesión de xoiaría, ourivería, pratería, relojería e xemoloxía en Galicia será obrigatoria a incorporación ao Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia unha vez que se teña establecido***

A Xunta aprobou o proxecto de Lei de Creación do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia para responder á demanda da Federación Galega de Xoiaría, Prataría e Reloxaría e coa finalidade de ordenar o exercicio da profesión, representala e defender os intereses profesionais dos colexiados/as.

Este proxecto de lei define o Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivería, Pratería, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia como unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, desde o momento no que se constitúan os seus órganos de goberno. O ámbito territorial no que o colexio desenvolverá a súa actividade é a Comunidade Autónoma de Galicia.

No que se refire ao ámbito persoal, poderán integrarse neste Colexio Profesional aquelas persoas que estean en posesión do título de técnico superior de artes plásticas e deseño en bixutería artística, en xoiaría artística e en ourivaría e prataría artísticas ou técnico de artes plásticas e deseño en procedemento de ourivaría e prataría, en moldeado e fundición de obxectos de ourivaría, en xoiaría e bixutaría artísticas, en procedemento de xoiaría artística, en gravado artístico sobre metal ou en engastado e en damasquinado ou técnico en xoiaría. Tamén poderán formar parte do colexio aquelas persoas que posúan un título académico oficial en Xemoloxía obtido nas universidades do Estado español que o expidan.

Transitoriamente, poderán integrarse no Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia os profesionais que, non estando en posesión dos títulos preceptivos, o soliciten dentro dos dous anos seguintes á entrada en vigor desta lei e que acrediten un mínimo de tres anos de experiencia ante a Comisión de Habilitación do colexio.

Para exercer a profesión de xoiaría, ourivaría, prataría, relojería e xemoloxía en Galicia será obrigatoria a incorporación ao Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivería, Pratería, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia unha vez que se teña establecido.



Segundo este proxecto de lei, as asociacións de xoieiros, ourives, prateiros, reloxeiros e xemólogos con representación en Galicia designarán unha comisión xestora que aprobará uns estatutos provisionais para o colexio, que serán os que nomeen a Asemblea Constituínte. Esta asemblea aprobará os estatutos definitivos, que se lle remitirán á consellería competente para a súa aprobación definitiva.





## **A XUNTA CREARÁ A CÁMARA DO LIBRO GALEGO PARA PROMOVER A EXPORTACIÓN DOS PRODUTOS EDITORIAIS DE GALICIA E FOMENTARÁ A TRADUCCIÓN DAS OBRAS LITERARIAS, NO MARCO DA LEI DO LIBRO E DA LECTURA**

- *Este texto legal, consensuado co mundo editorial e aprobado hoxe polo Consello da Xunta declara o libro “sector estratéxico” e destaca o seu valor cultural e económico*
- *Articularase unha política de promoción das bibliotecas galegas co fin de achegalas e dalas á coñecer á cidadanía, garantindo o acceso universal e libre*
- *Promoveranse axudas para a promoción do sector do libro fomentando a renovación tecnolóxica e a modernización da creación*
- *A Xunta de Galicia outorgará premios ás mellores obras publicadas en galego de cada ano*
- *Créase o Consello Asesor do Libro como organismo permanente de estudo sobre o sector do libro e de asesoramento á Administración autonómica*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá, na súa reunión semanal, a Lei do Libro e da Lectura, que foi elaborada de xeito consensuado co mundo editorial e reconece o libro como un “sector estratéxico”. Segundo se fai constar no texto da Lei, o apoio institucional expreso ao libro e á lectura obedece á súa condición de instrumentos indispensables para a transmisión da cultura e o desenvolvemento da identidade de Galicia. O texto reconece, ademais da dimensión cultural do libro, o seu valor económico.

Por todo isto, establécense unha serie de medidas para renovar e revitalizar o panorama editorial galego. Así, o texto articula un marco xurídico para promover todas as facetas relacionadas co libro na actualidade: creación, tradución, edición, impresión, produción, elaboración, deseño gráfico, diagramación, ilustración, distribución, venda e difusión. O texto atende á evolución dos soportes relacionados e inclúe aspectos referidos á edición electrónica de transmisión mediante redes telemáticas.

O obxecto da Lei non é outro que o de promover a extensión social da lectura e promocionar o libro e a lectura en galego.

### **Consello Asesor do Libro**

Establécense unha serie de medidas para fomentar a exportación dos produtos editoriais galegos ao mercado internacional. No marco desta iniciativa, destinaranse axudas para promover a renovación tecnolóxica e a modernización da creación, da actividade tradutora, do sector editorial, das librarías e da venda do libro.



Para apoiar o sector editorial privado crearase unha Cámara do Libro de Galicia, que terá como obxectivo promover a exportación do libro que se edite na Comunidade Autónoma.

Ademais, prevese a creación do Consello Asesor do Libro como organismo permanente de estudo sobre o sector do libro e de asesoramento á Administración autonómica no referente ás políticas relacionadas co sector do libro galego e do fomento da lectura en Galicia. Este Consello Asesor encargárase de elaborar informes de seguimento anual ou bienal dos índices de lectura da poboación galega e da produción editorial realizada en Galicia e en lingua galega.

Tamén se encargará de elaborar propostas de actuación para o fomento da lectura e para a mellora dos diferentes subsectores da edición e comercialización do libro. Promoverá foros de intercambio e debate entre os diferentes axentes do libro en Galicia organizando, cada tres anos, o Congreso do Libro Galego. Ademais, anualmente, editará a Axenda do Libro Galego, como compilación actualizada da información sobre todos os subsectores da edición e do comercio do libro.

Finalmente, o Consello Asesor do Libro deberá informar de todas aquelas cuestións relacionadas coa planificación da política do libro e co desenvolvemento dos regulamentos que haberán de rexer e desenvolver a política do libro.

### **Fomento da tradución**

A Xunta, ao abeiro deste texto legal, articulará unha política de promoción dos creadores e creadoras galegos, en todas as súas modalidades e xéneros, apoiando e difundido o seu traballo. Así, por exemplo, outorgaranse, en colaboración cos axentes do sector, os premios da edición de Galicia ás mellores obras publicadas en galego de cada ano.

Así mesmo, a Xunta de Galicia promoverá a tradución á lingua galega e da lingua galega a outras de obras de referencia da literatura universal. Estableceranse axudas periódicas e fomentárase a tradución mediante convenio coas editoras e asociacións de tradutores e tradutoras.

Paralelamente, a Xunta potenciará a produción editorial en galego cunha liña de axudas de carácter anual ou bienal para atender a todos os tipos de edición, xa sexan en soporte tradicional de papel, en edición dixital ou na rede.

### **Servizo Central de Publicacións**

Segundo consta no texto legal, os poderes públicos de Galicia, no ámbito das súas competencias, promoverán unha actividade editorial co obxecto de fomentar a lectura, recompilar normas xurídicas emanadas dos seus órganos e informar á



ciudadanía sobre o traballo das diferentes administracións ou sobre cuestións consideradas de interese xeral.

A Xunta organizará a súa actividade editorial por medio dun Servizo Central de Publicacións, que se creará e regulará por medio da normativa específica ditada polo Goberno galego.

Paralelamente, impulsaranse unha serie de medias co obxecto de propiciar a modernización técnica do sector das artes gráficas co fin de aumentar a súa competitividade e tamén se apoiarán as iniciativas das distribuidoras encamiñadas a garantir unha mellor organización profesional e unha coordinación máis fluída coas editoras, bibliotecas e librarías.

Promoverase, mediante campañas axeitadas, a imaxe das librarías como puntos esenciais de venda de libros, así como axentes culturais activos indispensables para que a industria do libro manteña a súa pluralidade e creatividade, e para a consolidación do tecido cultural da sociedade. Dentro desta iniciativa, crearase unha Librería Institucional do Servizo de Publicacións da Xunta de Galicia, na que se ofrezan todas as publicacións oficiais procedentes dos diferentes departamentos do Goberno galego.

### **Clubs do libro e bibliotecas**

Unha das medidas máis sobranceiras de cantas recolle a Lei ten que ver co fomento da lectura. A Xunta planificará a superación das carencias existentes no Sistema Bibliotecario de Galicia tanto de profesionais como de fondos, asegurando a presenza das novidades editoriais en lingua galega e procurando a súa dotación e actualización.

Elaboraranse programas de fomento de lectura para o conxunto da poboación e para sectores específicos. Apoíranse os clubs do libro e articularase unha política de promoción das bibliotecas galegas co fin de achegalas e dalas a coñecer á cidadanía.



## **APROBADO O DECRETO QUE ESTABLECE AS TARIFAS DOS SERVIZOS SANITARIOS PRESTADOS NOS CENTROS DEPENDENTES DO SERGAS E NAS FUNDACIÓNS PÚBLICAS SANITARIAS**

- ***A Unión Europea, a Consellería de Sanidade, e o Sergas achegan 300.506 euros para obras de reforma da Comunidade Terapéutica da Asociación Cidadá de Loita contra as Drogas (ACLAD)***

A conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, informou en Consello da Xunta sobre as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas Fundacións Públicas Sanitarias, a pacientes que non sexan beneficiarios da Seguridade Social, así como aqueles casos en que, sendo beneficiarios, exista un terceiro obrigado ao pagamento e que deba asumir o gasto sanitario.

Así, neste decreto reflíctese o importe que se aplicará como consecuencia das asistencia sanitaria que se preste en accidentes de tráfico, naqueles casos en que sexan de aplicación os convenios marco de asistencia sanitaria para o 2006 con institucións sanitarias públicas.

### **Addenda ao Convenio con ACLAD**

Por outra banda, o Consello da Xunta autorizou a Consellería de Sanidade e o Sergas para subscribir unha addenda ao convenio de colaboración coa Asociación Cidadá de Loita contra a Droga (ACLAD) para a realización de obras de reforma do inmovible onde se localiza a súa Comunidade Terapéutica. A Consellería de Sanidade e o Sergas xunto coa Unión Europea, achegan a cantidade de 300.506 euros. O 25 por cento é achega do departamento sanitario galego e o 75 por cento restante da Unión Europea.

Este convenio responde ao compromiso da Consellería de Sanidade de velar polo desenvolvemento das actividades asistenciais precisas para o tratamento dos diversos problemas derivados do consumo de drogas. E esta addenda supón mellorar os recursos para a poboación de drogodependentes, e a calidade prestada nesta Comunidade Terapéutica.



## O CONSELLO DA XUNTA ADXUDICA AS TELEVISIÓNS DIXITAIS DE COBERTURA LOCAL

- *Aprobou un total de 46 licencias, distribuídas en 21 demarcacións territoriais*
- *16 das adxudicacións corresponden á provincia da Coruña, 10 á de Lugo, 6 á de Ourense e 14 á de Pontevedra*

O Consello da Xunta de Galicia resolveu o concurso público polo que se outorga, mediante concesión, a xestión indirecta do servizo público de televisión dixital, de cobertura local segundo o correspondente mapa de demarcacións, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

O referido concurso público, polo procedemento aberto, foi convocado en maio de 2005, logo de ser aprobado o prego de bases administrativas e de condicións técnicas, de acordo co previsto no artigo 7 do Decreto 81/2005, do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.

Con anterioridade, o Real Decreto 2169/1998, do 9 de outubro, aprobara o plan técnico nacional da televisión dixital terrestre. O citado plan estableceu 21 demarcacións locais que cobren parcialmente o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia: 7 na provincia de A Coruña, 5 na de Lugo, 4 na de Ourense e 5 na de Pontevedra. En cada unha desas demarcacións abriuse a posibilidade de conceder ata tres licencias para xestionar o servizo público de televisión dixital de cobertura local.

A relación de adxudicatarios por cada demarcación, segundo o acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta, queda do seguinte xeito.

### **A Coruña**

Na provincia da Coruña adxudicáronse un total de 16 licenzas distribuídas en 7 demarcacións distintas: As Pontes, Carballo, A Coruña, Ferrol, Ribeira, Santiago e Vimianzo.

·**Carballo:** La Opinión de La Coruña, S.L., Editorial La Capital, S.L. e Salitre Multimedia.

·**Coruña:** La Opinión de La Coruña S.L., Editorial La Capital S.L. e Utega S.A.

·**Ferrol:** La Opinión de La Coruña S.L., Editorial La Capital S.L. e Radio Coruña S.L.

·**Ribeira:** Editorial Compostela S.A., Multimedia Comunicaciones e TV Mancomunidade do Salnés.



·**Santiago:** Faro de Vigo, S.A.U., Compostelavisión S.L. e Editorial Compostela S.A.

·**Vimianzo:** Editorial Compostela S.A.

·**As Pontes:** declarada deserta.

### Lugo

Na provincia de Lugo concedéronse un total de 10 adxudicacións de televisións dixitais de cobertura local, distribuídas nos ámbitos de Chantada, Lugo, Monforte de Lemos, Vilalba e Viveiro.

·**Chantada:** Chantada Comunicación S.L.

·**Lugo:** Telulugo El Progreso de Lugo S.L., Utega S.A. e Alternativas de Medios Audiovisuales.

·**Monforte:** Telulugo El Progreso de Lugo S.L., Telemiño S.A. e TV7 Monforte S.A.

·**Vilalba:** Telulugo El Progreso de Lugo S.L. e TV7 Monforte S.A.

·**Viveiro:** Telulugo El Progreso de Lugo S.L.

### Ourense

Seis foron as licenzas concedidas na provincia de Ourense, nos ámbitos do Barco de Valdeorras, do Carballiño, Ourense e Verín.

·**O Barco de Valdeorras:** Telemiño S.A.

·**Carballiño:** Telemiño S.A.

· **Ourense:** Telemiño S.A., Faro de Vigo S.A. e Utega S.A.

· **Verín:** Telemiño S.A.

### Pontevedra

Na provincia de Pontevedra, Lalín, Ponteareas, Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa son as demarcacións territoriais onde se concederon as adxudicacións de televisións dixitais.

·**Lalín:** Editorial Compostela S.A., Multimedia Comunicaciones e Deza Visión S.A.

·**Ponteareas:** Rías Baixas de Producción e Josefa López Pousa.



- Pontevedra:** Faro de Vigo S.A.U., Lérez Canal 29, S.L. e Televisión Pontevedra.
- Vigo:** Faro de Vigo S.A.U., Utega S.A. e Rías Baixas de Producción.
- Vilagarcía de Arousa:** Lérez Canal 29 S.L., TV Salnés e Editorial La Capital S.L.



## A XUNTA ACHEGARÁ 1.624.000 EUROS PARA A ACTUACIÓN EN EMERXENCIAS E TAREFAS DE PROTECCIÓN CIVIL EN PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

- *Financiarase o funcionamento da estrutura estable dos Grumir, conformada por 3 dos quince membros de cada grupo de intervención rápida*
- *A Consellería de Presidencia achegará 424.000 euros e a de Medio Rural achegará 1.200.000 euros*
- *A contía destínase ao abeiro dun convenio de colaboración entre Presidencia, Medio Rural e a FEGAMP*

O Consello da Xunta acordou a sinatura dun convenio de colaboración entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do Medio Rural e de Traballo, xunto coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), polo que se destinan 1.624.000 euros para a actuación en emerxencias e tarefas de protección civil e prevención e extinción de incendios forestais.

Con esta achega financiarase o funcionamento da estrutura estable e profesionalizada dos Grumir, conformada por 3 dos quince membros de cada grupo de intervención rápida. Os Grumir realizan funcións establecidas nos Plans de Protección Civil de Galicia, como intervencións en incendios forestais, en situacións derivadas de riscos naturais e tecnolóxicos e noutras que impliquen perigo para as persoas, os seus bens ou o ambiente.

Ao importe regulado no convenio haberá que sumar a achega da consellería de Traballo, que financia a través de programas de emprego os outros doce membros – voluntarios- que integran a estrutura renovable.

O texto deste acordo regula as condicións do réxime de funcionamento e financiamento da sección estable e profesionalizado do Grupo. Así, este ano a Consellería de Presidencia e a de Medio Rural contribuirán cun importe total de 1.624.000 euros, dos que a Consellería de Presidencia achegará 424.000 euros e a de Medio Rural os 1.200.000 euros restantes.

Pola súa banda, a contribución dos concellos realizarase directamente aos traballadores contratados en cada entidade, con cargo aos seus respectivos orzamentos, na contía que lle corresponda. Este acordo estará vixente ata o 31 de decembro, e pódese prorrogar anualmente.

En 2004 asinouse un convenio anterior entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para consolidar unha estrutura estable, sobre a base dos Grumir existentes en 63 concellos, que permitise a prestación dos concellos galegos de servizos de protección





civil, protección de medio ambiente, e salvagarda das persoas, entre outros. Este acordo, ao que se adheriron 50 concellos, foi prorrogado en 2005.



## A XUNTA INVESTIRÁ 600.000 EUROS NA CONSERVACIÓN DA MURALLA DE LUGO E DOS RESTOS ARQUEOLÓXICOS ANEXOS Á PORTA DE SANTIAGO

- *A Consellería de Cultura actuará en colaboración co Concello de Lugo e coa Universidade de Santiago para recuperar un templo dedicado ao deus Mitra e parte dunha vila romana sobre a que se construíu posteriormente a muralla*
- *A Xunta prevé novos investimentos ata chegar a 1,2 millóns do total de 2,7 que suporá o conxunto do proxecto*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, o Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela que prevé o investimento de 600.000 euros, por parte da Administración autonómica, para conservar e poñer en valor a Muralla Romana de Lugo, os restos arqueolóxicos anexos á Porta de Santiago e ao edificio cultural da Vicerreitoría.

A Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral de Patrimonio, está interesada en poñer en valor os restos atopados, que se consideran de vital importancia para o coñecemento da historia da cidade xa que se corresponden cun templo romano dedicado ao deus Mitra e parte dunha vila romana de grandes dimensións sobre a que se construíu posteriormente a Muralla. O proxecto de recuperación e posta en valor estenderase ata o 2008 e en total a Consellería investirá 1,2 millóns dos 2,7 que custarán as obras.

### **Conservación 'in situ'**

En 2000, no transcurso das obras de construción da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo atopáronse os restos. Actualmente considérase que o traballo de escavación se pode dar por rematado, polo que procede reiniciar as obras de construción do edificio cultural da Vicerreitoría, pero, iso si, cun proxecto axeitado á nova situación. É dicir, valorizando os restos atopados que teñen un evidente valor museístico, coa finalidade última de facilitar o acceso e disfrute público destes restos arqueolóxicos.

Na primeira fase do proxecto farase unha cuberta de protección do conxunto do xacigo. Posteriormente, construírse o edificio cultural da Vicerreitoría, adaptado á conservación e posta en valor dos restos arqueolóxicos, que albergará un auditorio e unha sala de exposicións. E, finalmente, na terceira fase terá lugar a consolidación, restauración e posta en valor do conxunto dos restos arqueolóxicos para a súa apertura ao público.



## EDUCACIÓN INVISTE MÁIS DE 3 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCIÓN DO IES DE BRIÓN

- *A Administración educativa e o Goberno local asinarán unha addenda ao convenio ratificado en febreiro para o mesmo fin*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio ratificado en febreiro deste ano entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Brión para a construción dun novo Instituto de Educación Secundaria neste municipio coruñés.

Segundo o documento que proximamente asinarán as dúas partes e unha vez elaborado e supervisado o proxecto, estímase que o orzamento de licitación desta actuación ascende a 3.236.433,11 euros, e non á cantidade de 2.570.000 euros tal e como figuraba no convenio asinado en febreiro.

Deste xeito, a Administración educativa investirá esta nova cantidade, achegando este ano 1,5 millóns de euros e o vindeiro 2007, un total de 1.736.433,11 euros. Ademais, a Consellería de Educación encargárase da tramitación necesaria para a contratación, dirección e execución das obras de construción deste centro docente.



## **INNOVACIÓN E INDUSTRIA DESTINA MÁIS DE 550.000 EUROS A ACCIÓNS DE POTENCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- *O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao convenio de colaboración entre ambas as dúas institucións para realizar accións de formación de investigadores e potenciar os servizos de apoio á investigación e publicacións*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a posta en marcha do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de accións de formación de investigadores e para o potenciamento dos servizos de apoio á investigación e publicacións. O custo total das actividades ronda os 750 mil euros (743.906 euros), dos que a Consellería de Innovación e Industria achegará máis de 550 mil (562.850 euros) e a Universidade de Santiago de Compostela asume o financiamento complementario das accións, cunha achega de preto de 200 mil euros (181.056 euros). Os convenios coa Universidade da Coruña e coa Universidade de Vigo polo mesmo concepto serán remitidos ao Consello da Xunta para a súa aprobación en breve.

O obxectivo deste acordo é contribuir á formación e á actualización dos investigadores que desenvolven a súa actividade en centros dependentes da universidade compostelá, o reforzamento dos seus servizos de apoio á investigación e o potenciamento do seu servizo de publicacións. A sinatura deste convenio de colaboración entre ambas as dúas institucións posibilitará a posta en marcha de catro actividades. A primeira delas é a concesión de axudas para investigadores vinculados á Universidade de Santiago de Compostela co fin de fomentar a súa participación en reunións de carácter científico, favorecendo así o intercambio e a actualización de coñecementos. Esta iniciativa precisa dun orzamento total de 150 mil euros, dos que a Consellería de Innovación e Industria aportará 60 mil euros e os restantes 90 mil euros correrán por conta da Universidade de Santiago de Compostela.

A segunda das accións que se van iniciar é a convocatoria de bolsas para estadias fóra da Comunidade Autónoma, dirixidas aos investigadores da Universidade de Santiago de Compostela. O custo económico das bolsas ascende a 75 mil euros, dos que Innovación e Industria aportará 65 mil euros e a citada institución académica os 10 mil euros restantes.

### **Adquisición e mantemento de equipamentos e infraestruturas**

A realización de actuacións para o potenciamento dos servizos de apoio á investigación é a terceira das actividades que son obxecto do citado convenio de colaboración. O custo total destas actuacións é de 475 mil euros, dos que a Consellería de Innovación e Industria aporta 400 mil euros e a Universidade de



Santiago de Compostela os 75 mil euros restantes. A finalidade destas accións é a de proporcionar apoio científico e tecnolóxico aos membros da Comunidade Universitaria e á sociedade galega para o fomento de labores de investigación e desenvolvemento, mediante a adquisición de novos equipamentos e infraestruturas e o mantemento de grandes equipamentos e instalacións.

Finalmente, os 43.906 euros restantes dedicaranse á edición de publicacións periódicas de carácter científico de interese para Galicia, a través dos servizos de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. A achega destes cartos repartirase entre Innovación e Industria, que asumirá 37.850 euros da contía, e o organismo académico, que se encargará dos 6.056 euros restantes.



## **MEDIO RURAL ASINA OITO CONVENIOS MÁIS PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS**

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural para asinar novos convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, cun orzamento previsto nesta décimo terceira quenda de 1.099.870 euros distribuídos en dúas anualidades.

Nesta fase, destinaranse 1.099.870 euros para as obras que se executarán, logo da sinatura dos convenios, nos concellos de Cee, Noia, Viveiro, O Carballiño, Cartelle, Vilardevós, Mos e Pontevedra.

Estes oito concellos correspondentes á décimo terceira quenda súmanse aos 194 incluídos nos anteriores consellos da Xunta. Nas vindeiras semanas continuarase co proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007.

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plano de investimentos que se van realizar en distintos concellos de Galicia denominado *Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural* (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar poboación.

Prevense tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

A estrutura formal do convenio contén os títulos de competencias que xustifican a actuación, mecanismos de coordinación entre as partes, réxime de financiamento, e mecanismo de seguimento da execución do convenio.



## **SANIDADE ACHEGA 4,7 MILLÓNS DE EUROS Á PROGRAMAS DE DOCENCIA, ASISTENCIA E INVESTIGACIÓN SANITARIA**

- *Proseguirá a colaboración neste eido que vén mantendo coa Universidade de Santiago de Compostela*

A Consellería de Sanidade prorroga por un ano o concerto suscrito entre o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e a Universidade de Santiago de Compostela para a colaboración en docencia, asistencia e investigación sanitaria. O Consello da Xunta acorda este prórroga por un período de un ano, e un importe de 4.774.226 euros. Este orzamento está dividido en dúas anualidades, 2.363.478 para o segundo trimestre do 2006 e 2.410.748 euros no primeiro semestre do 2007.

Así, amplíase a vixencia do concerto suscrito que pretende, desde o punto de vista da docencia, promover a máxima utilización dos recursos humanos e materiais de atención especializada e primaria que se concertan para a docencia universitaria das diversas ensinanzas sanitarias no nivel de pregrao e posgrao, favorecendo a súa actualización e continua mellora de calidade. Esta colaboración está orientada á formación clínica e sanitaria dos alumnos naquelas titulacións ou materias relacionadas coas ciencias da saúde.

Xunto con isto, recolle a cooperación no mantemento da cualificación dos profesionais de saúde ao seu máis alto nivel, coidando a súa actualización e reciclaxe, e favorecendo a súa incorporación á docencia universitaria. No eido asistencial establécese que esa cooperación sexa empregada para a mellora constante da atención sanitaria.

Por último, potenciarase a investigación das ciencias da saúde coordinando as actividades da Universidade de Santiago de Compostela coas das institucións sanitarias para un mellor emprego dos recursos humanos e materiais. No que se refire á investigación, favorecer tamén o desenvolvemento dos departamentos universitarios nas áreas de saúde, potenciando a súa coordinación coas unidades de investigación dos hospitais e demais institucións sanitarias, e estimulando as vocacións investigadores.



## **A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE MELLORARÁ AS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL (LUGO)**

- *A obra conta cun orzamento de 289.772 euros, que será financiado pola empresa pública de augas.*
- *A actuación contribuirá a mellorar os sistemas de depuración da localidade lucense*

A Xunta de Galicia colaborará co concello de Folgoso do Caurel (Lugo) na mellora das súas infraestruturas hidráulicas. O proxecto foi aprobado hoxe no consello da Xunta e conta cun orzamento de 289.772 euros, cantidade que será financiada na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH)

O proxecto consiste na dotación de redes de saneamento de augas residuais nos núcleos de Vilasibil, Paderne, Ferreirós de Arriba e Romeor.

No prazo previsto para a execución do proxecto, seis meses, estas catros zonas verán mellorados os seus servizos a través dunha rede de sistemas fecais e un adecuado sistema de depuración.





## **MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 1,1 MILLÓNS DE EUROS PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA REDE DE ABASTECIMENTO EN CAMARIÑAS (A CORUÑA)**

- *O obxectivo principal da obra radica na substitución da antiga rede veciñal da parroquia de Ponte do Porto por unha nova conexión*
- *O proxecto será financiado nun 90% pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, mentres que a contía restante será achegada polo concello*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible realizará importantes melloras nas súas infraestruturas de distribución de auga potable do concello de Camariñas (A Coruña). O proxecto, que beneficiará a parroquia da Ponte do Porto, foi aprobado hoxe no consello da Xunta e consiste na reorganización da rede de bombeo existente no río do Porto. Afrontaranse, ademais, a construción dunha nova impulsión ata a estación de tratamento de auga potable e a execución dunha nova rede de distribución desde o depósito xa existente.

A obra ten un orzamento dun 1.108.085 euros, cantidade que será financiada nun 90% pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) e o 10% restante pola entidade local, mediante dúas achegas que realizará ao comezo deste ano e do vindeiro.

O proxecto aprobado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible permitirá realizar as obras precisas para mellorar as instalacións de captación e distribución de auga potable. Así, como obxectivo principal, acometerase a substitución da antiga rede veciñal por unha nova conexión.



## **MEDIO AMBIENTE RENOVARÁ AS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO BARRIO DE SAN ROQUE, EN VERÍN (OURENSE)**

- *A actuación ten un orzamento de 333.800 euros e conta cun prazo de execución de cinco meses.*

O barrio de San Roque, no concello ourensán de Verín, verá melloradas as súas infraestructuras hidráulicas. A Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos levará a cabo esta actuación, que conta cun orzamento de 333.800 euros.

O proxecto, aprobado no consello da Xunta na súa reunión de hoxe, permitirá realizar as obras precisas para a renovación das redes de abastecemento e saneamento de cara ó seu correcto funcionamento. Ademais, prevese a instalación de sumidoiros de fundición que se conectarán á rede de saneamento.

O prazo previsto para a execución do proxecto establécese en cinco meses, tras os cales, se for preciso, se reporán todos aqueles pavimentos e servizos que puidesen quedar afectados pola execución das obras.



## MEDIO AMBIENTE PRESENTA UNHA PROPOSTA PARA ADQUIRIR A ILLA DE CORTEGADA E ADHERILA AO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

- *O departamento autonómico considera necesario que a propiedade pase a ser pública para garantir o estado de conservación dos hábitats e as especies que a integran.*
- *A illa, que forma parte do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, ocupa unha superficie de 147,2 hectáreas marítimas e 43,8 terrestres e destaca polo seu bosque de loureiro (de 2,5 hectáreas) e a súa importante biodiversidade*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible presentou hoxe no Consello da Xunta o informe-proposta para adquisición da illa de Cortegada, que xunto coas Cíes, Ons, e Sálvora conforman o Parque Nacional das Illas Atlánticas. O arquipélago, sito no concello de Vilagarcía, é na actualidade de titularidade privada, o que, segundo o departamento autonómico, dificulta o desenvolvemento dos obxectivos recollidos no Plan Director de Parques Nacionais, na medida que son necesarias accións específicas destinadas a acadar un estado de conservación favorable dos hábitats e das especies coas que conta a illa de Cortegada. O carácter privado do espazo impide na actualidade levar a cabo estudos e seguimentos de rexeneración, eliminación de especies invasoras ou tarefas de conservación, entre outras medidas, pese as figuras de protección que implica a declaración do espazo como parque nacional.

A illa de Cortegada, con 147,2 hectáreas marítimas e 43,8 terrestres é a máis pequena das que conforman o Parque Nacional das Illas Atlánticas, que ocupa unha extensión total de 8.480 hectáreas, 7.285 marítimas e 1.194,8 terrestres. Destas, o arquipélago das Cíes é o que conta cunha maior extensión (2.658 ha terrestres, 433 marítimas), seguido das illas Ons (2.171 ha marítimas, 470 terrestres) e Sálvora (2.309 ha terrestres e 248 marítimas).

Así mesmo, o arquipélago de Cortegada está composto a súa vez por catro illotes: Malveira Grande, Malveira Chica, Briñas e Con. Atópase no sector máis interno da ría de Arousa, en contacto coa desembocadura do río Ulla, pertencendo á parroquia de Carril (Vilagarcía de Arousa).

### **Valores naturais**

O informe presentado hoxe no consello da Xunta resalta os valores naturais do arquipélago de Cortegada, entre os que destaca, de xeito fundamental, o seu bosque de loureiro, que ocupa unha superficie de 2,5 hectáreas, e conserva, segundo algúns investigadores, exemplares que superan os 10 metros de altura. Canda isto, existe ademais unha gran diversidade de fungos, con máis de 45 especies únicas en Galicia, segundo se recolle no Plan de Ordenación de Recursos Naturais da illa. No que se



refire á biodiversidade destaca a abundancia de hedra, mentres que na súa fauna resalta unha representación significativa de aves vinculadas ao medio mariño.

### **Obxectivos**

En vista de todo o exposto, a Consellería de Medio Ambiente persegue coa incorporación da illa de Cortegada ao patrimonio común de todos os galegos os seguintes obxectivos:

- Garantir o estado de conservación favorable dos hábitats así como das especies que integran o espazo.
- Salvagardar o patrimonio natural do illote, desenvolvendo un verdadeiro programa de utilización pública, así como mellorar o coñecemento e a difusión dos seus valores naturais.
- Preservar os ecosistemas e a singularidade do paisaxe, así como realizar un seguimento das comunidades animais e vexetais, contribuíndo a súa evolución de xeito natural.

Unha vez informado o Executivo galego da proposta, a Consellería de Medio Ambiente iniciará o proceso de adquisición da illa, cumprindo o compromiso realizado polo titular deste departamento, Manuel Vázquez, nunha visita ao Concello de Vilagarcía. O conselleiro amosou a súa dispoñibilidade para que a solución que se acade sexa polo vía do consenso.



## TRABALLO ELABORA UN INFORME SOBRE *SAÍDAS PROFESIONAIS COMARCAIS* PARA CONSEGUIR MAIOR EFECTIVIDADE NAS POLÍTICAS PÚBLICAS DE FORMACIÓN E EMPREGO

- *O documento analiza pormenorizadamente as características do mercado laboral de cada unha das 53 comarcas de Galicia o que permite un achegamento ao movemento do mercado de traballo e ao coñecemento pormenorizado das variables que caracterizan a realidade laboral local*
- *Este informe serve para orientar, ou reorientar, a traxectoria profesional de traballadores desempregados que buscan unha saída profesional local, xa que en moitas ocasións o problema reside en que a oferta laboral non se corresponde coa formación dos desempregados*
- *Segundo se recolle no documento, presentado esta mañá ao Consello da Xunta, os novos viveiros de emprego máis implantados no conxunto de Galicia son os servizos a domicilio e a protección e mantemento das zonas naturais*
- *O grupo ocupacional de persoal de limpeza, é segundo o informe, un dos que presenta maior grao de temporalidade, característica común na maioría das comarcas galegas*

O conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, presentou esta mañá ao Consello da Xunta o Informe sobre as *Saídas Profesionais Comarcais*, elaborado polo Observatorio Ocupacional do seu departamento. O obxectivo deste documento é acadar un coñecemento en profundidade da estrutura e do comportamento dos mercados laborais de cada unha das comarcas galegas, o que servirá de base para a posta en marcha de accións de emprego e formación acordes ás necesidades de mercado de traballo e, deste xeito, avanzar no reto de conseguir un emprego estable e de calidade.

A Consellería de Traballo considera o desemprego e a falta de estabilidade laboral como un dos problemas máis preocupantes para a nosa sociedade, así, a solución a estes problemas parte, obrigatoriamente, do coñecemento da súa orixe. Esta consideración é a base que determina a elaboración deste informe no que se analizan aspectos cuantitativos e cualitativos que permiten coñecer o mercado de traballo.

Este debuxo da realidade contractual local permite un coñecemento que se debe traducir no desenvolvemento das políticas de emprego e formación máis axeitadas. Así, a liña formativa convértese nunha ferramenta imprescindible na mellora do mercado de traballo, aínda que debe ir precedida dunha detección de necesidades formativas latentes para deseñar a formación requirida.

No documento analízanse as ocupación segundo o grao de demanda, sinalando as máis e menos contratadas nas 53 comarcas galegas. Esta análise permite un



achegamento ao movemento do mercado de traballo e ao coñecemento pormenorizado das variables que caracterizan a realidade laboral local. Así, o grao de ocupabilidade comarcal indica a probabilidade que ten de atopar traballo un demandante de emprego, atendendo aos factores estruturais que definen o seu mercado de traballo: empregos dispoñibles ou tendencias do mercado. No estudo reflíctense o número de persoas, é dicir, distintos DNI, que obtiveron un contrato, e non o número total de contratos.

Así mesmo, a introdución da temporalidade na análise permite detectar a precariedade laboral en certas ocupacións, que aínda estando ben valoradas, mostran unha pouca ou nula estabilidade no emprego.

Este documento serve para orientar, ou reorientar, a traxectoria profesional de traballadores desempregados que buscan unha saída profesional local, xa que en moitas ocasións o problema reside en que a oferta laboral non se corresponde coa formación dos desempregados, polo que debe de corrixirse esta tendencia tratando de especializalos, facilitarlles experiencia profesional ou ben cara a outras profesións diferentes á súa titulación.

### **Principais consideracións sobre a análise laboral comarcal**

No informe reflíctense os grupos ocupacionais con maior ocupabilidade por sectores económicos. Así, conclúese que a provincia da Coruña é a que mostra unha maior variedade de grupos ocupacionais con ocupabilidade laboral alta e media, seguida da provincia lucense.

O sector *primario* destaca en termos xerais por unha maior contratación en grupos non cualificados, concentrándose especialmente en peóns agrícolas e forestais. En canto á *industria* aparece cunha representación menor e diferenciada no caso de Ourense, onde habería que destacar o grupo de tronzadores, labrantes e gravadores de pedra, fronte aos grupos ocupacionais máis destacados no resto de Galicia: carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas) e os peóns das industrias manufactureiras.

No que respecta á *construción*, a provincia con resultados máis discretos é a de Lugo, na que só se atopa certa reiteración no grupo xeral de albaneis e canteiros, grupo máis recorrente tamén no resto de Galicia. No caso da Coruña, proliferan tamén os traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados, xunto co grupo de pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados.

O sector *servizos* é o que representa uns resultados máis variados, ao facer referencia a múltiples actividades económicas. Como nota diferenciadora, destaca en Ourense o



grupo de bombeiros dentro dos máis prioritarios, entre outras cousas porque neste grupo contéplase o traballador retén de incendios forestais.

En canto ao grupo ocupacional de empregados administrativos en xeral (taquígrafos e mecanógrafos) é o que aparece con peores resultados no conxunto de Galicia, sendo especialmente relevantes os resultados da Coruña e Ourense, onde a maioría das comarcas contan con este grupo como de moi baixa ocupabilidade.

Na provincia da Coruña aparecen tamén os operadores de máquina de coser e bordar, reflectíndose fortes caídas contractuais e decrecementos sostidos que provocan unha mala valoración deste grupo ocupacional. Só a comarca de Fisterra aparece cun resultado medianamente valorable, segundo recolle o informe.

A análise dos grupos ocupacionais con crecemento contractual sostido durante todo o período conduce claramente a destacar o subsector da hostalería, onde os camareiros, barmans e asimilados acadan a consideración de grupo ocupacional en progresión en distintas comarcas galegas, e especialmente na Coruña e Pontevedra.

Outros grupos a destacar, aínda que de xeito moito menos notorio e xeneralizado, son os asistentes domiciliarios, dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados, traballadores en formigón, enfusadores, ferrallistas e asimilados, condutores de camión (sobre todo na Coruña e Lugo) e cociñeiros e outros preparadores de comida (Lugo e Pontevedra).

Segundo se recolle no documento presentado esta mañá ao Consello da Xunta, os novos viveiros de emprego máis implantados no conxunto de Galicia son os servizos a domicilio e a protección e mantemento das zonas naturais. Como característica na súa distribución, cómpre indicar que os primeiros destacan en maior medida na provincia de Lugo, mentres que a protección e mantemento das zonas naturais teñen maior presenza na Coruña e Ourense.

En canto as ocupacións con maior temporalidade destaca que o grupo ocupacional de persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de pisos) e establecementos similares presenta un grao de temporalidade moi alto, característica que se aprecia na maioría das comarcas galegas, independentemente da provincia en que se enmarquen.

Na Coruña destacan traballos de peonaxe considerados como non cualificados: peóns da industria manufactureira e peóns do transporte e descargadores. Especificamente, tamén é significativo o alto grao de temporalidade no grupo ocupacional de operadores de máquina de coser e bordar, grupo ocupacional que, como xa se indicou, tamén destaca pola súa forte caída contractual no período 2001-2005 nesta



provincia. Mentres que en Lugo o informe fai especial referencia á forte temporalidade no sector sanitario, sector fortemente implantado nesta provincia pola súa presenza contractual, e dicir, contratos asinados.

Por último, en Pontevedra apréciase unha acusada temporalidade no grupo de peóns do transporte e descargadores (coincidindo coa Coruña) e tamén no sector da hostalaría: cociñeiros e outros preparadores de comida, e o grupo de camareiros, barmans e asimilados.

### **A situación laboral nas sete grande cidades galegas**

Segundo se conclúe no informe, as áreas de influencia das sete grandes cidades coinciden en sinalar o sector da hostalería como motor importante das contratacións, aparecendo en todas elas os grupos de camareiros, barmans e asimilados, así como os de cociñeiro e outros preparadores de comida, dentro dos prioritarios.

A comarca de Santiago é a única que non ten ningún grupo ocupacional catalogado de moi baixa ocupabilidade, fronte á comarca de Vigo, que presenta tres grupos ocupacionais pouco recomendables segundo a análise realizada. O grupo de auxiliar de enfermaría hospitalaria é o grupo de moi baixa ocupabilidade máis recorrente nas sete comarcas consideradas.

No que respecta ao grao de temporalidade, as cidades galegas con maior número de grupos ocupacionais afectados por algunha incidencia que implique unha temporalidade máis ou menos acusada son a da Coruña, Santiago e Vigo.





## VIVENDA INVESTIRÁ ESTE ANO 500.000 EUROS PARA A ERRADICACION DO CHABOLISMO EN GALICIA

- *Os concellos obteñen subvencións de ata o 80% do prezo das vivendas que adquiren para o realoxo das familias que viven en asentamentos de chabolas*

A Consellería de Vivenda e Solo, que dirixe Teresa Táboas, dedica unha partida de 500.000 euros para a erradicación do chabolismo durante este ano 2006. Esta liña de axudas vai destinada á compra ou construción de vivendas para o realoxo das familias que viven en chabolas. As axudas, de ata un 80% do prezo da vivenda, serán concedidas tanto ás familias directamente como a través dos concellos, ou outros entes públicos, que compren ou constrúan vivenda con este fin.

As familias que decidan adquirir directamente unha vivenda, de nova construción ou usada, obteñen unha subvención de ata o 30% do prezo da vivenda, sendo preciso que acrediten a súa integración social. Tamén poden optar pola autopromoción da súa vivenda obtendo unha subvención de ata o 50% do orzamento protexible.

No que respecta aos concellos, poden adquirir ou promover a construción de vivenda para realoxar estas familias, vivendas que serán adxudicadas en réxime de aluguer. A Consellería subvenciona o concello ata o 80% do prezo da vivenda no caso dos municipios con menos de 50.000 habitantes e ata o 65% no resto dos municipios. O prezo das vivendas non deberá superar o prezo establecido para a vivendas protexida nese concello.

A consellería subvenciona ata o 80% da contía mensual do aluguer nos municipios con menos de 50.000 habitantes e ata o 65% nos restantes. Estas axudas para o aluguer teñen un límite máximo de 300 € ao mes por vivenda e por un período máximo de tres anos. Transcorridos dous anos e acreditada a integración social dos adxudicatarios, estes poderán acceder a estas vivendas en réxime de propiedade. Neste caso os concellos deberán descontar do prezo da vivenda o total da subvención do aluguer aboada ás familias.

Os concellos interesados deberán remitir unha memoria detallada sobre os asentamentos de chabolas existentes no seu territorio, as actuacións en materia de vivenda que van a realizar para realoxar a estas familias e o proxecto para sanear e recuperar a área onde se atopa o asentamento de chabolas. Posteriormente, a Consellería e o Concello asinarán un convenio de colaboración no que se especifiquen os termos da actuación e a achega financeira de cada parte. O prazo de presentación de solicitudes para estas subvencións comeza hoxe e rematará o próximo 30 de



setembro. A resolución das instancias e a posterior sinatura do convenio con cada concello efectuarase aos tres meses da presentación da solicitude.